



XESTUR

galicia

**ANUNCIO RELATIVO Á AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PAGAR O IMPORTE DA COMPRA DAS PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL QUE SE ADXUDIQUEN ATA OS 12 MESES SEGUINTE A FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE ALARMA**

O Centro de Coordinación operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ocasionada polo COVID 19 (CECOP), na súa reunión de 5 de maio de 2020 adoptou un acordo relativo ao fomento da implantación empresarial a través de condicións vantaxosas para a compravenda de novas parcelas, en virtude do cal autorízase á empresa pública XESTUR, S.A. para ampliar o prazo de pago do importe da compra das parcelas de solo empresarial que se adxudiquen ata os 12 meses seguintes á finalización do período de alarma, permitindo o pagamento da parcela no prazo de 6 meses dende a notificación da adxudicación.

En consecuencia, naquelas adxudicacións de parcelas de solo empresarial que se efectúen a partires da publicación do presente anuncio e ata os 12 meses seguintes á finalización do período de alarma, os adxudicatarios poderán facer efectivo o pago do prezo dentro do prazo de 6 meses, a contar dende a recepción da notificación da adxudicación da parcela.

En Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2020.

Asdo.

María Doporto Santos  
Xerente de XESTUR, S.A.



Xacobeo 2021